



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 10 de maio de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

#### **7.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DAS AXUDAS MUNICIPALES Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2018. EXPTE. 15162/77.**

Visto o informe de fiscalización do 4/05/18, dáse conta do informe-proposta do 18/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

##### **I. Obxecto da subvención:**

A Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos dando continuidade a súa actividade de fomento, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

##### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 1 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.* A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### III. Beneficiarios/as:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, as comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e as persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2017 e o 31 de marzo de 2018 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

### IV. Finalidade:

Esta convocatoria pretende colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais outorgando especial atención á situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral, e a creación de emprego, por conta propia ou allea, tal e como recolle a base 1.6 Criterios de avaliación.

### V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva. No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada a tal fin, a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 2 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

### VI. Normativa de aplicación:

Dacordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, dacordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2018 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego de medios electrónicos para os suxeitos obrigados, para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Xa que logo, os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes non obrigados poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), no servizo de Desenvolvemento Local e emprego e no servizo de Información do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 3 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

Así mesmo e para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, os/as ditos/as beneficiarios/as achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Para garantir o cumprimento da Instrucción municipal relativa á “Operacións de xustificación de subvencións do exercicio orzamentario 2018” de data 14/02/2018, procedeuse a modificar na base 1.5 o período anterior e posterior á data de inicio da actividade no que os gastos serán susceptibles de subvención; e na base 4.3 a data de remate do prazo de solicitude.

Consecuencia da revisión das bases reguladoras, procedeuse a eliminar a documentación que non resultaba preceptiva para a tramitación e xustificación das solicitudes de subvención; incorpórase na base 2ª a exclusión das solicitudes presentadas por persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores; na base 5ª a referencia a posibilidade do desestímulo por parte do/a interesado/a; no Anexo VIII unifícanse os anexos VIII e IX da convocatoria anterior e engádese o Anexo X para autorización de consulta e verificación telemática de datos, de non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.

Así mesmo, na base 1.6.1 no caso do baremo relativo ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas contratadas por conta allea ou autónomas colaboradoras se consideran as xornadas parciais cunha duración mínima de 20 horas/semana e, se inclúe, que tamén se considerará o 50% da xornada laboral semanal establecida no convenio de aplicación; na base 8ª se organiza e completa o texto de xeito que sexa máis comprensible e axustado á normativa de aplicación.

**VIII. Contía total e crédito orzamentario:**

Para a convocatoria do ano 2018 destas “Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa” destínase un importe total de **70.000,00€** (setenta mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 01 denominada “Axudas á creación de empresas” do vixente orzamento do 2018.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 4 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitiuse o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Axudas municipais á creación de empresas” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

### X. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.*

### XI. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 5 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia e do artigo 127.1.g) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas Municipais á Creación de Empresas 2018 que se achegan no expediente.

**SEGUNDO.** Aprobar o gasto por importe total de 70.000,00 € (setenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700001 "Axudas á creación de empresas" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2018.

**TERCEIRO.** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas Municipais á Creación de Empresas" en:

a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

b) As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS BASES REGULADORAS 2018

#### Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos
- 1.4. Obrigas
- 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.6. Criterios de avaliación
- 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 6 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes
- 4.2. Documentación
- 4.3. Prazo de presentación

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª. PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras das axudas
- 6.2. Publicidade das subvencións outorgadas
- 6.3. Publicidade do financiamento público

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

### ANEXOS

- ANEXO I. Solicitude.
- ANEXO II. Declaración responsable do cumprimento dos requisitos.
- ANEXO III. Declaración responsable do cumprimento dos criterios de avaliación.
- ANEXO IV. Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis.
- ANEXO V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- ANEXO VI. Relación de facturas presentadas.
- ANEXO VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal.
- ANEXO VIII. Declaración responsable do perceptor.
- ANEXO IX. Autorización para consulta e verificación de datos.

**Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

#### 1.1. Finalidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 7 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2018 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas, no ámbito do Concello de Vigo, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

### 1.2. Beneficiarios/as

Poderán concorrer a esta convocatoria pública entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Non poderán solicitar estas axudas as entidades sen ánimo de lucro nin as persoas físicas distintas do disposto no parágrafo anterior.

Para acollerse a estas axudas terán que iniciar a súa actividade empresarial no municipio entre o **1 de abril de 2017 e o 31 de marzo de 2018** (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) que teñan viabilidade técnica, económica e financeira e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos.

### 1.3. Requisitos

1. Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
2. Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os trasposos de negocios.
3. Que o/a promotor/a cree o seu propio posto de traballo e estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial, en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de varias persoas promotoras é preciso que, como mínimo, o 50% do capital social da empresa será de titularidade de persoas en situación de desemprego.
4. Non ter débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, nin a empresa nin os/as promotores/as. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirse á sociedade. Deberase acreditar polo procedemento establecido no artigo 22 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co art. 23 do mesmo. O/A interesado/a poderá autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo para consultar os seus datos ante a Axencia Tributaria de Galicia, a Axencia Estatal Tributaria e ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social.
5. Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade. Entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade empresarial anteriormente desenvolvida fose realizada por persoas autónomas colaboradoras ou por persoas promotoras non traballadoras na empresa cunha porcentaxe de participación igual ou inferior ao 10% do capital social da empresa.
6. Que ningún do/s promotor/es tivese recibido a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 8 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

7. Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (nin a empresa nin os/as promotores/as).

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda poderá autorizar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local para a consulta e comprobación dos datos e certificados acreditativos necesarios nos departamentos administrativos responsables.

### 1.4. Obrigas

De acordo co establecido nos artigos 14 LXS e 11 LSG serán **obrigas da empresa beneficiaria**:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención durante un tempo non inferior a dous anos, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade e que deberá acreditar.
- Comunicar calquera modificación das condicións que se tiveron en conta na solicitude e no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- Para os efectos de difusión pública deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o modelo normalizado subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto ata o 31 de marzo de 2019.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o que deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Proceder ao reintegro, total o parcial, da subvención percibida nos supostos previstos nos artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG e nos casos previstos nestas bases reguladoras e convocatoria.

### 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas teñen por finalidade subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. **O importe máximo destas axudas será de 3.000€** por empresa beneficiaria e **non poderá superar o 50% dos gastos efectuados** durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos/as promotores/as.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 9 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Os **gastos** que poderán ser **subvencionables corresponderán aos catro meses anteriores e aos dous meses posteriores ao inicio da actividade**, agás os gastos de constitución e apertura, que poderán corresponder ao período comprendido desde os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes.

#### **Gastos subvencionables:**

##### **a) Gastos de constitución e apertura**

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
- a2. Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra e Comunicación previa de Cambio de titularidade
- a3. alta no Rexistro Mercantil
- a4. certificación negativa do nome da sociedade
- a5. honorarios de notarías por escrituras públicas
- a6. publicación no BORME
- a7. Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.

##### **b) Existencias iniciais de mercadorías.**

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción ou servizo.

##### **c) Gastos de aluguer:**

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- c1. local
- c2. vehículo industrial
- c3. aplicacións e equipos informáticos.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo do contrato de arrendamento para o que se solicita subvención.

##### **d) Primas de seguros**

Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

Para os casos de pago anual considerarase a contía proporcional dos meses aos que proceda a subvención.

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo de cada unha das pólizas concertadas para as que se solicita subvención.

##### **e) Subministracións e gastos correntes**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 10 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. auga
- e2. teléfono
- e3. electricidade
- e4. gasóleo / gasolina<sup>(1)</sup>
- e5. material de oficina
- e6. asesoría
- e7. gas
- e8. equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)<sup>(2)</sup>
- e9. gastos de difusión da actividade empresarial

<sup>(1)</sup> Sempre que sexa imprescindible na actividade a desenvolver.

<sup>(2)</sup> Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase documento acreditativo do contrato do servizo de seguridade subscrito para o que se solicita subvención.

### f) Dereitos de propiedade industrial

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes
- f2. modelos de utilidade
- f3. deseño industrial
- f4. marcas de produtos ou servizos
- f5. nomes comerciais
- f6. dominio en Internet

**g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).** Será subvencionable o 50% do custo do dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Todos os gastos referidos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa ademais de cumprir cos requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, tal e como se recolle na base 5ª.

Todas as facturas deberán indicar o seu importe en euros ou, no seu defecto, presentar xunto coa factura xustificante de pagamento acreditativo do seu valor correspondente en euros.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/05/2024 05:56

Páxina 11 de 25

SUBVENCIONS

CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**1.6. Criterios de avaliación**

**1.6.1. Criterios de baremación das solicitudes**

A concesión das axudas realizarase a través da comparación das solicitudes presentadas e graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (ata 10 puntos).

Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE	4 puntos
Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de PEIM	6 puntos

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoa desempregada de longa duración <sup>(1)</sup>
- Que sexa o seu primeiro emprego
- Menor de 30 anos
- Maior de 45 anos
- Muller
- Discapacitado/a<sup>(2)</sup>
- Persoa pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social <sup>(3)</sup>
- Persoa que esgotase a súa prestación de desemprego ou subsidio<sup>(4)</sup>
- Persoa que forme unha familia monoparental <sup>(5)</sup>
- Persoa que forme unha familia numerosa <sup>(6)</sup>

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas	2 puntos
--	----------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 20 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

4. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa por un período mínimo de 3 meses estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea ou persoa autónoma colaboradora vinculada á empresa, empadroada no Concello de	2 puntos
---	----------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 12 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Vigo	
------	--

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais ou do 50% da xornada laboral semanal establecida no correspondente convenio de aplicación.

### 5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

*(1) Consideranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se a súa idade fose igual ou maior de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25 anos.*

*(2) A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental. A estes efectos, ten a condición de persoa con discapacidade aquela a quen se lle recoñece un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %.*

*(3) Terán a consideración de persoas en situación ou risco de exclusión social as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e deberá acreditarse de xeito documental.*

*(4) Acreditarase esta condición mediante a certificación do servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.*

*(5) Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a autorización do Anexo VI. No caso de familia monoparental empadroada noutro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.*

*(6) Considerarase familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección das familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.*

### 1.6.2. Criterios para o outorgamento das axudas segundo o baremo

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 13 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

solicitante, segundo o previsto no punto 1.5. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta os seguintes criterios de desempate na orde de prelación na que se relacionan:

- 1º. Puntuación máis alta no número de postos de traballo creados.
- 2º. Puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.
- 3º. Puntuación máis alta en relación ás persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea ou persoas autónomas colaboradoras vinculadas á empresa empadroadas no Concello de Vigo.

De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

#### 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas

De ser o caso, previo ao outorgamento ou non da axuda deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude e que determinará a desestimación da axuda ou a modificación da resolución de concesión.

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados desde a data de resolución da concesión. O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicarse ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local no prazo dun mes desde a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada, antes de que transcorrese un ano desde a data de resolución da concesión será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro do 50% da subvención, salvo tamén causa xustificada ou que o incumprimento das condicións se aproximase substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal apreciase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

#### Base 2ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 14 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

- O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:
  - ✓ O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.
  - ✓ Segundo o Regulamento UE Núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de axudas compatibles entre si dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.
- Excluíranse as solicitudes presentadas por persoas socias de sociedades mercantís, cooperativas e sociedades laborais e os autónomos colaboradores.
- Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda desta concellería.

### Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

#### 3.1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iníciase de oficio, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local e da publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes e tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**: a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.6 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.
- O servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos será o encargado da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.
- Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 15 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e poderase notificar **de xeito** individual polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

### 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos.
- Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que actuará como secretario.
- Un/Unha técnico/a do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O persoal do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local será o encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 16 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

O persoal técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento poderá requirirille ás empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

### Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

#### 4.1. Solicitudes

**Os solicitantes obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

No caso de que se achegue a solicitude e/ou a documentación complementaria presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

**Os solicitantes non obrigados** poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos.

#### 4.2. Documentación

Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes anexarán á solicitude a documentación que se indica a continuación:

–Anexo I. Solicitude: solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, da identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 17 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

- Anexo II. Declaración responsable do cumprimento dos requisitos
- Anexo III. Declaración responsable do cumprimento dos criterios de avaliación
- Anexo IV. Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis
- Anexo V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.
- Se o solicitante é persoa xurídica: NIF da empresa, copia do documento de constitución da empresa e, de ser o caso, documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade de quen asina a solicitude.
- Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- Vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo e de todos os promotores cunha porcentaxe de participación superior ao 10% do capital social da empresa.
- Facturas dos gastos para os que se solicita a subvención, xunto coa copia da póliza do seguro e/ou do contrato de aluguer, no seu caso. Computaranse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa e cos importes en euros (no seu defecto, achegarse xustificante de pagamento acreditativo do seu valor en euros).

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas para os solicitantes obrigados e aqueles que opten voluntariamente (art. 14.2 LPAC).

- Orixinal ou copia para os solicitantes non obrigados (art. 14.2 LPAC).

- Anexo VI. Relación de facturas presentadas, correspondentes aos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, apartado 1.5.
- Anexo IX. Autorización para a consulta e verificación de datos ou, no seu defecto, acreditar polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas non ter débedas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS), coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, nin a entidade nin os/as promotores/as. No caso das formas xurídicas SL, SLL e SA só referirse á sociedade.
- Comunicación previa de inicio de actividade, Comunicación previa de obra ou Comunicación previa de Cambio de titularidade cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

#### Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.6 das bases):

- Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.
- Orixinal ou copia dixital compulsada dos certificados ou documentos que demostren a situación social das persoas promotoras autoempregadas segundo o apartado 1.6 Criterios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 18 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

avaliación. Para avaliar o empadramento é necesario presentar o xustificante de empadramento ou o Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal.

- No caso de contratación de persoal:

Persoal por conta allea:

- Informe de Vida laboral completo das persoas traballadoras contratadas.
- Copia do/s contrato/s de traballo rexistrado/s no servizo Público de Emprego (SPEG).
- Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.

Autónomo/a colaborador/a:

- Informe de Vida laboral completo.
- Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras (no que figure a súa vinculación coa empresa).
- Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para solicitar información do padrón municipal do persoal contratado.

- Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).
- Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.

**A xustificación do pagamento dos gastos obxecto da subvención deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o emisor e o receptor do pagamento.**

Toda a documentación achegada deberá estar en vigor e debidamente acreditada, así como os anexos deberán presentarse debidamente cubertos, con data, identificación da empresa e/ou da persoa solicitante e debidamente asinados. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

Porén, o solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder das administracións, sempre que se faga constar a data e órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, se é o caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requirirase á empresa solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende as faltas ou aporte a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistida da súa solicitude previa resolución ditada nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

### 4.3. Prazo de presentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 19 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O **prazo de presentación** de solicitudes e documentación complementaria correspondente iniciárase **a partir do día seguinte á data de publicación** do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións e **rematará o 8 de xuño de 2018**.

#### Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de cinco meses desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcorrido o devandito prazo de cinco meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Contra a desestimación expresa do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

3. En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

**4. A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Editos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e poderase notificar de xeito individual** polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía, **no prazo de dez días** desde a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

5. As empresas beneficiarias das axudas están obrigadas **no prazo de dez días** a contar desde o día seguinte ao **da súa notificación** a comunicar ao servizo de Participación Cidadá e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 20 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

Desenvolvemento Local a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte **documentación para a xustificación da subvención**, no prazo anteriormente sinalado:

a) **Anexo VIII.** Declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

a) Que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas cumpren o establecido no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación; ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e presentarse asinado e con data actualizada.

b) Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

c) Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

d) Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse a tal efecto unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou acordo de exención do IVE).

A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

b) **Facturas orixinais** polo importe total da subvención outorgada, no caso dos suxeitos non obrigados polo art. 14.2 LPAC que non as aportasen coa solicitude. As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal mediante un selo existente ao efecto, no que se indicará a subvención para cuxa xustificación foi presentada e o importe exacto imputado á subvención.

c) **Anexo IV.** Declaración responsable doutras axudas e de axudas en réxime de minimis, actualizada.

d) **Fotografía do cartel** informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 21 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O prazo para a presentación desta documentación será de **10 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da notificación** da concesión da correspondente axuda.

O servizo de participación Cidadá e Desenvolvemento Local que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguimento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención durante o prazo de dous anos esixidos.

## Base 6ª. PUBLICIDADE

### 6.1. Publicidade da convocatoria e bases reguladoras das axudas

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concillería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e na oficina de Información do Concello de Vigo.

### 6.2. Publicidade das subvencións outorgadas

A relación de todos os solicitantes e a resolución do outorgamento das axudas publicarase na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 22 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

### 6.3. Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un **cartel** de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e deberá manterse exposto, cando menos, ata o 31 de marzo de 2019.

### Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, que regula o dereito á información na recollida de datos, infórmase que os datos persoais solicitados para a tramitación do presente procedemento serán incorporados e tratados nun ficheiro automatizado de nome "Expedientes", cuxa finalidade é a xestión dos procedementos administrativos do Concello de Vigo. O/a interesado/a poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

### Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO. RENUNCIA. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN S.

#### 8.1. Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 36-37 da LXS e 32-33 da LSG. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

No caso da percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 23 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/a beneficiario/a co conseguente trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguente redución proporcional da contía da subvención.

### 8.2. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

### 8.3. Infraccións e sancións:

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

## Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

### Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2018, cun importe total de 70.000€ (setenta mil euros).

### Segunda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 24 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de “minimis”.

### Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 05:56	Páxina 25 de 25
SUBVENCIONS	CSV: ADA944-C73B32-89E2D5-HP42WT-JANUYH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		